



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Introdución aos Estudos Literarios		Código	613G03005
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Paz Gago, Jose Maria Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	jose.maria.paz.gago@udc.es olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Conceptos básicos no estudo da literatura: xéneros, movementos e técnicas de análise literaria.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Conocer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1 A9	B4	
Coñecer as correntes teóricas da ciencia literaria	A3		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.	A7		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.	A5		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C5
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Fundamentos dos estudos literarios	<ul style="list-style-type: none">- Obxecto e método- Dominios da ciencia literaria- Lingua e comunicación literarias- Periodización literaria- Xéneros literarios
2. Panorama histórico da Teoría literaria. Primeira parte	<ul style="list-style-type: none">- Antigüidade Clásica- Idade Media e Clasicismo
3. Panorama histórico da Teoría literaria. Segunda parte	<ul style="list-style-type: none">- Romanticismo. Positivismo- Principais correntes dos ss. XX-XXI
4. A lírica	<ul style="list-style-type: none">- Concepcións da lírica e xéneros históricos- Métrica e retórica- Teoría da función poética- Enunciación e pragmática líricas
5. A narrativa	<ul style="list-style-type: none">- Narración, historia e relato / discurso- Modalización narrativa- Temporalización e espacialización narrativas- O personaxe narrativo- Xéneros históricos
6. A dramática.	<ul style="list-style-type: none">- Texto e Espectáculo- Tempo e espazo- Personaxe e público- Teoría aristotélica da traxedia

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A11 B1 C3	1	1	2
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B3 B5 C1 C4	30	30	60
Resumo	A9 A11 B7 C1	1	3	4
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 B8 B10 C4	4	4	8
Presentación oral	A1 A2 A5 A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C4 C6	12	12	24
Obradoiro	A1 A2 A7 A11 A14 B3 C5 C6	4	4	8
Esquemas	A2 A10 A11 B7	1	3	4
Recensión bibliográfica	A1 A2 A7 B7 C1	1	8	9
Lecturas	A5 A7 A14 B1 C7	1	12	13



Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A7 A11 A14 A15 B5 B6 B7 B10 C1	4	8	12
Prácticas a través de TIC	B1 B2 B3 B5 B6 B9 B10 C3 C6 C8	1	2	3
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Procuraranse documentos diversos, baixo a orientación dos docentes.
Sesión maxistral	Sesións de exposición oral por parte do profesor ou profesora, que se esforzarán en transmitir contidos relevantes, aclarando dúbidas xurdidas. É a parte máis importante na transmisión de coñecementos.
Resumo	Acompaña a elaboración de esquemas.
Aprendizaxe colaborativa	Uso de ferramentas de documentación e debate para solucionar problemas e atopar resultados en común.
Presentación oral	Os estudantes comunicarán na aula, individualmente ou en grupo, as súas creacións, análises ou comentarios.
Obradoiro	Traballo na aula nas actividades diversas que se indican na ?Planificación?, conducentes á realización de creacións ou comentarios de texto. O primeiro día de clase, os docentes indicarán, en cada caso, se van encargar a realización dun ?videopoema? ou se van pedir a elaboración dun traballo de comentario dun libro (neste segundo caso, nas ?Fontes documentais? da guía docente figuran, tras a bibliografía, unha serie de títulos a modo de exemplo, dos que se fará unha selección para que o alumnado poida escoller). Tamén se comunicarán o primeiro día do curso as orientacións para facer a práctica do obradoiro e as datas para a súa entrega.
Esquemas	Práctica para a constatación dunha boa lectura de documentos.
Recensión bibliográfica	Práctica de recensión, seguindo as pautas dadas polos docentes.
Lecturas	É a metodoloxía fundamental para iniciarse no estudo da literatura: haberá lecturas teóricas e lecturas de textos literarios.
Proba mixta	Trátase dunha proba escrita que poderá constar tanto de respostas de certa extensión, ben argumentadas, ou de respostas breves e de tipo test. Na primeira convocatoria referirase á parte teórica da materia. Na segunda convocatoria, incluírá tamén exercicios prácticos para os que non superen as prácticas de aula.
Prácticas a través de TIC	A investigación literaria debe moito ás TIC, imprescindibles para acopio de datos e relación de fenómenos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Resumo Esquemas Obradoiro Recensión bibliográfica	A atención personalizada levarase a cabo en función das necesidades do grupo de alumnos ou do estudante en particular, tanto na aula como a través do correo electrónico, o uso da plataforma moodle, ou o diálogo real en horas de atención ao estudante. Para que se realice axeitadamente, é indispensable que os alumnos acudan ás aulas e participen activamente nelas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A7 A11 A14 A15 B5 B6 B7 B10 C1	Cualificación do exame.	60



Obradoiro	A1 A2 A7 A11 A14 B3 C5 C6	Cualificación das prácticas.	40
-----------	------------------------------	------------------------------	----

Observacións avaliación

- 1) Na 1ª oportunidade realizarase unha proba mixta, cuxa nota se unirá á obtida nos traballos prácticos levados a cabo polo estudante (deberá obterse unha nota mínima de 4 na proba mixta para poder facer a media coa parte práctica). Nesta 1ª oportunidade, será considerado NP o alumno que non se presente á proba mixta, aínda que teña realizado os traballos prácticos.
- 2) Na segunda oportunidade, os estudantes que non se presentaron ou non aprobaron a primeira oportunidade, terán que pasar por un exame do que sairá a nota final. Ese exame terá unha parte teórica e unha parte práctica que en ningún caso suporá para os estudantes un esforzo inferior ao requirido na elaboración das prácticas de obradoiro do curso.
- 3) O/a estudante que se presente á convocatoria adiantada (en decembro) deberá axustarse ás normas que rexen para a 2ª oportunidade (a de xullo).
- 4) Ao alumnado repetidor, facilitaráselle a realización de actividades.
- 5) O alumnado con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberá poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia. Programaranse titorías presenciais e non presencias para cursar satisfactoriamente a materia.
- 6) As probas escritas e os traballos deben realizarse con corrección lingüística: o docente baixará a nota por erros de acentuación, ortografía, puntuación ou concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal.
Calquera falta de honradez académica (plaxio -detectado, entre outras vías, polo recurso TURNITIN achegado pola UDC-, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (artículo 14).
- 7) A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información



Bibliografía básica

- CABO ASEGUINOLAZA, Fernando / RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro (2006). Manual de Teoría de la Literatura. Madrid. Castalia
 - CASAS, Arturo (coord.) (2005). Elementos de crítica literaria. Vigo. Xerais
 - GARRIDO, Miguel Ángel (2000). Nueva introducción a la teoría de la literatura. Madrid, Síntesis
 - GARRIDO GALLARDO, M. A. dir. (2009). El lenguaje literario. Vocabulario crítico. Madrid, Síntesis
 - GUILLÉN, Claudio, (2005). Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada. Barcelona. Tusquets
 - GUTIÉRREZ CARBAJO, Francisco (2002). Movimientos y épocas literarias. Madrid, UNED
 - SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (200). Teoría e metodoloxía literarias. Lisboa, Universidade Aberta
 - VILLANUEVA, Darío (1994). Curso de teoría de la literatura. Madrid. Taurus
 - VIÑAS PIQUER, David (2002). Historia de la crítica literaria. Barcelona. Ariel
 - PAZ GAGO, José María (1995). Semiótica del Quijote. Teoría y práctica de la ficción narrativa. Amsterdam y Atlanta: Rodopi
 - PAZ GAGO, José María (1999). La recepción del poema. Pragmática del texto poético. Kassel: Reichenberger
 - PAZ GAGO, José María (2012). La revolución espectacular. El teatro de Valle-Inclán en la escena mundial. Madrid y Barcelona: Castalia
- O PROFESOR INDICARÁ NA AULA AS OBRAS LITERARIAS QUE CADA ALUMNO DEBERÁ LEER. TÍTULOS POSIBLES, ENTRE OTROS, SON:
- LÍRICA: George G. Byron, *Baron* (1788-1924), *Poemas escogidos*; Charles Baudelaire, *Les fleurs du mal* (1857), *As flores do mal*, *Las flores del mal*; Gustavo Adolfo Bécquer, *Rimas* (1859-1870); Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar* (1884); Thomas S. Eliot, *The Waste Land*, *La tierra baldía/ estéril* (1922); Dylan Thomas, *The Poems* (1934-1952), *Poemas*; Luís Seoane, *Fardel do esilado* (1952); Pier Paolo Pasolini, *Le ceneri di Gramsci* (1957), *Las cenizas de Gramsci*; Xosé Luís Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976); Luz Pozo Garza, *As arpas de Iwerddon* (2005); Valente, José Ángel, *Poesía* (Visor, 20013); Yolanda Castaño, *Un cobertizo lleno de significados sospechosos* (Antología bilingüe) (2020).
- TEATRO: Eurípides, *Electra* (s. V a C.); Ramón del Valle Inclán, *Divinas palabras* (1920), *Luces de Bohemia* (1920, 1924); Luigi Pirandello, *Sei personaggi in cerca d'autore* (1921), *Seis personaxes na procura de autor*, *Seis personajes en busca de autor*; Bertoldt Brecht, *Mutter Courage und ihre Kinder* (1939-1949), *Madre Coraje y sus hijos*, *Nai Coraxe e mais os seus fillos*; Jonh B. Prietsley, *An inspector calls* (1946), *Llama un inspector / Ha llegado un inspector*, *Chama un inspector*; Arthur Miller, *Death of a salesman* (1949), *A morte dun viaxante*, *La muerte de un viajante*; Roberto Vidal Bolaño, *Doentes* (1998); Juan Mayorga, *Himmelweg. Camino del cielo* (2003); Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue* (2006).
- NARRATIVA: Miguel de Cervantes, *Don Quijote de la Mancha* (1605, 1615); Charles Dickens, *A tale of two cities* (1859), *Historia de dos ciudades*; Charles Dickens, *Great Expectations* (1861), *Grandes esperanzas* (trad. galega por Isabel Soto), *Grandes esperanzas*; León Tolstoi, *Smert Ivana Ilyichá*, *A morte de Iván Ilich*, *La muerte de Iván Illich* (1886); Emilia Pardo Bazán (ss. XIX-XX, 2018), *El encaje roto: antología de cuentos de violencia contra las mujeres*; Franz Kafka, *Das Schloß* (1922), *El Castillo*; John Dos Passos, *Manhatan Transfer* (1925); Vicente Risco, *O porco de pé* (1928); Rafael Dieste, *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943); Gonzalo Torrente Ballester, *Don Juan* (1963); Julio Cortázar, *Todos los fuegos el fuego* (1966); Friedrich Dürrematt, *Das Sterben der Pythia* (1976), *La muerte de la Pitia*; Carme Riera, *Dins el darrer blau* (1994), *En el último azul*; Begoña Caamaño, *Circe ou o pracer azul* (2009); Eva Moreda, *A Veiga é como un tempo distinto* (2011).
- ENSAIO LITERARIO: Shelley, P.B., *Ensayos escogidos* (1792-1822); Azorín, *Al margen de los clásicos* (1915); Valle-Inclán, *Ramón del*, *La lámpara maravillosa* (1916); Antonio Machado, *Juan de Mairena* (1936); Mario Vargas Llosa, *La verdad de las mentiras. Ensayos sobre la novela moderna* (1990); Gonzalo Torrente Ballester, *El Quijote como juego* (1975); Casares, Carlos, *Un país de palabras*, *Galaxia*, Vigo (1998).
- RECURSOS DIXITAIS (revisados en xullo de 2019): Biblioteca Virtual Galega (Literatura galega), Universidade da Coruña: <http://bvg.udc.es/BibliotecaVirtual>; Cervantes (Literatura española, iberoamericana, galega, catalá, etc.), Universidade de Murcia: <http://www.cervantesvirtual.com/PortalLiteratura>; Vasca: <http://www.basqueliterature.com/es/loturak/euskalitLiteratura>; catalá en líña: <http://www.lletra.com/BibliotequesVirtuais>; en inglés (Literatura angloamericana e traducións doutras literaturas): http://www.online-literature.com/author_index.php; <http://www.bartleby.com/authors/>; <http://www.bibliomania.com/bibliomania-static/index.html>; Dicionario galego RAG: <http://academia.gal/dicionario#inicio.do>; Dicionario español RAE: <http://buscon.rae.es/drae/>; Dicionario inglés: <http://www.wordreference.com/es/>; Teoría literaria en Internet: Casas, Arturo (2012 [2002]). *Bibliografía sistemática de Teoría literaria. Número monográfico do Boletín Galego de Literatura: 26. reedición poesía galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na*



cultura.http://www.poesiagalega.org/uploads/media/casas_2002_biblteorialit.pdfGlosario de narrativa, extraído de Darío Villanueva, Comentario de textos narrativos: la novela . Gijón: Ediciones Júcar, págs 181-201:<http://faculty.washington.edu/petersen/321/narrtrms.htm>Retórica: The Forest of Rhetoric. Silva Rhetoricae:<http://humanities.byu.edu/rhetoric/silva.htm>A isto engádense Páxinas web de fundacións e persoais de autores (procura en buscadores)



Bibliografía complementaria	<p>- CASAS VALES, Arturo (coord.) (2013). Valle-Inclán: Comparative and Thematic Approaches En Casas Vales, Arturo (coord.). Ramón del Valle-Inclán Studies [2]. Monográfico de Forum for World Literature Studies, 5/1, 2013: 52-53.. Shanghai (China). Shangay Normal University</p> <p>- GARCÍA BARRIENTOS, José Luis (2003). Cómo se comenta una obra de teatro. Ensayo de método. Madrid, Síntesis</p> <p>- LUJÁN ATIENZA, Ángel Luis (1999). Cómo se comenta un poema. Madrid, Síntesis</p> <p>- MADRENAS, Dolores / RODRÍGUEZ, Olivia (2003). Del Romanticismo a la Posmodernidad: Ensayo. Madrid. Laberinto</p> <p>- RODRÍGUEZ, Olivia (1997). Os camiños narrativos de Vicente Risco?. Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996: 149-161. Vigo. Galaxia</p> <p>- RODRÍGUEZ, Olivia (2005). Técnicas narrativas nos contos de Emilia Pardo Bazán. En II Simposio Emilia Pardo Bazán. A Coruña. Real Academia Galega</p> <p>- RODRÍGUEZ, Olivia (2017). La elección del artista: el camino estético de Valle-Inclán. En Valle-Inclán. La lámpara maravillosa. Edición facsímil. Santiago de Compostela. Alvarellos</p> <p>- VILLANUEVA, Darío (2006). El comentario de texto narrativo: cuento y novela. Madrid. Mare Nostrum</p> <p style="text-align: center;">PARA CADA UN DOS TEMAS INDICARASE UNHA BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA E ACTUALIZADA PARA USO PERSOAL DO ALUMNO EN FUTUROS TRABALLOS.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Ler unha obra de introdución á Teoría da literatura das que se indican na Bibliografía básica. Ir a clase

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías